

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de xaneiro de 2024**

Ás 17.41 horas do día 18 de xaneiro de 2024, réunese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO
DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2023.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de decembro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 14 de decembro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a María José Mangana Guede do BNG, pregunta polo custo que tiveron as actuacións de María do Ceo na campaña de Nadal e como se distribuían ese tipo de actuacións.

O **Sr. presidente** responde que sobre o custo non o sabe neste momento. O criterio de distribución foron os sitios que se consideraron axeitados.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, pregunta se se vai constituír a Comisión de Patrimonio, xa que non recibiron resposta.

D. César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular, responde que se aprobou o regulamento e hai que tomar a determinación de se se constitúe cos mesmos membros e co mesmo regulamento.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, sinala que deben ter un problema de comunicación porque non lles chegan a respostas.

O **Sr. presidente** di que comprobarán que ocorre coas contestacións, xa que lle comunican que se deuse resposta ás preguntas. Ao finalizar a Comisión comprobarán no gabinete este problema.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, en relación cos campos de céspede sintéticos na provincia de Ourense, pregunta onde se van situar e como se financian eses campos de fútbol sintéticos e que achegas fan as distintas administracións.

O **Sr. presidente** responde que os campos de fútbol que están ata agora aprobados son os que están publicitados, cos fondos da Deputación nunha primeira fase, son seis os que estaban pendentes serán incluídos no convenio de infraestruturas deportivas da Xunta para cofinanciamento. Son 260.000 € para cada concello.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, pregunta polo campo de fútbol de Cenlle.

O **Sr. presidente** di que o de Cenlle cree que non estaba incluído. Teñen que achegar un proxecto e eses seis concellos o tiñan. Cre que está na lista de agarda. O ano pasado non se asinou o convenio coa Xunta.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, entendeu que un campo de fútbol decaeu e se fixo o de Arnoia.

O **Sr. presidente** responde que o de Viana do Bolo non se concretou o proxecto e se pasou ao seguinte, que era o de Arnoia. O de Viana do Bolo vai no paquete de infraestruturas deportivas do ano 2024.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, di que o anterior presidente fixo un anuncio do campo de fútbol de herba natural no 2016 en Arnoia, que é moi custoso de manter, e agora o Concello decide que se faga sintético.

O **Sr. presidente** responde que o Arnoia xoga en preferente. Neste momento está na lista de peticións e co proxecto feito. A herba natural é difícil de manter.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, di que temos que optimizar os recursos e non cumprir caprichos. A Deputación xa gastou cincuenta mil euros, e a Xunta e os concellos puxeron douscentos cincuenta mil, máis o mantemento, e foi en 2016.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, di, sobre Manzaneda, que hai pouco se foron abaixo os terreos nos que se sustentaba a telecadeira intermedia, e quedou inutilizada, polas choivas e foi arrastrado debido ás obras das balsas para xerar a neve artificial. Veñen reclamando acceso ao expediente e no proxecto unha partida estaba dedicada a recuperación duns dez mil metros cadrados. Ao non recuperar os terreos, a auga foi afectando á drenaxe polas choivas ou neve que se derrete e esa telecadeira se descadrou. A partida prevista no proxecto non se executou nin a reforestación prevista das árbores. Pregunta se esa recuperación dos terreos se vai facer. Tamén fai un rogo respecto ao parte de neve que se fai normalmente coas cámaras webcams. Antigamente se facía telefonicamente. Antes había catro webcams na páxina pero a anterior concesionaria pechounas. Agora só queda unha da TVG que está na cima de todo, pero as outras non funcionan, non dan información e dan mala imaxe. Deberían reactivarse esas webcams para dar servizo útil aos esquiadores.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que cando se asine o convenio de infraestruturas deportivas coa Xunta de Galicia, os concellos que solicitan un campo de herba

artificial só teñen que solicitar ou deben achegar o proxecto? Quen redacta o proxecto o concello ou a Deputación e quen executa as obras?

O **Sr. presidente** responde que cando se fai a solicitude debe vir acompañada dunha memoria valorada, non proxecto, na que se recolle a necesidade e a memoria xustificativa valorada. Dende esta Presidencia fíxose un protocolo de colaboración coas demandas comprometidas e repartiuse entre todos, dividiuse entre seis, e este ano no convenio de deportes financiará a Xunta, a Deputación e o concello. Será o concello quen licitará as obras.

E, ás 18.01 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.